



Concello
de Nigrán

ORDENANZA FISCAL XERAL DE CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS

2.—Indemnizacíons por gastos de desprazamento.

Os membros da Corporación percibirán, no seu caso, as dietas correspondentes ó Grupo 1º. do Anexo II, do R.D. 462/2002, de 4 de maio, e posteriores actualizacións e modificacíons. A Alcaldía poderá autorizar desprazamentos dos membros da Corporación con carácter de gastos a xustificar.

3.—Prexuizos económicos por servizos ao Concello.

Os membros da Corporación que sufran dedución de haberes na súa nómina por falta de asistencia ao traballo motivada pola asistencia a órganos colexiados ou a atención de asuntos municipais inaprazables, terán dereiro a percibir o importe de ditas deduccións, previa xustificación, fiscalización por Intervención e aprobación pola Alcaldía.

A N E X O I I I

ASIGNACIÓN DE DOTACIÓNÓS OS GRUPOS POLÍTICOS

Ó amparo do establecido no artigo 73-3 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réiximen Local, segundo redacción dada ó mesmo pola Lei 11/99, de 21 de abril, asignase ós grupos políticos que integran actualmente a Corporación Municipal de Mos as cantidades seguintes:

a) Cantidad fixa por grupo:

Se asigna a cantidad de 220,00 euros ao mes por cada grupo

b) Cantidad variable:

Se asigna a cantidad de 35,00 euros ao mes por cada membro dos distintos grupos políticos.

O pago destas dotacións realizarase mensualmente mediante transferencia á conta que cada un dos grupos indique.

No caso de existir membros non adscritos, estase ó disposto polo Regulamento Orgánico Municipal, e no acordo plenario adoptado en cada caso.

Mos, 15.09.2008.—A Alcadesa, María Jesús Escudero Lago. 2008009495

* * *

NIGRÁN

Rematado o periodo de exposición ao público sen formularse ningunha reclamación referida á ordenanza fiscal xeral de contribucións especiais, cumprindo o establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publicase o texto íntegro da ordenanza citada.

ORDENANZA FISCAL XERAL DE CONTRIBUCIÓN^S ESPECIAIS NO CONCELLO DE NIGRÁN

I.—Fundamento do tributo.

Artigo 1

Ao abeiro do establecido no artigo 106 da Lei 7/1985, do 18 de abril, reguladora das bases de réixime local; e de conformidade co disposto nos artigos 28 ao 37, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Nigrán acorda a regulación de contribucións especiais como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos municipais.

II.—Feito imponible.

Artigo 2

Constitúe o feito imponible das contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun incremento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos, de carácter municipal polo Concello de Nigrán, ou polas entidades indicadas no artigo seguinte.

As contribucións especiais poderan esixir pola mera realización das obras ou polo establecemento ou a ampliación dos servizos, antes referenciados, sendo independente da súa utilización efectiva dunhas e outros, polos suxeitos pasivos.

Artigo 3

1. Terán a consideración de servizos propios do Concello:

a) Os que realice o mesmo dentro do ámbito das súas competencias para cumplir os fins que lle estean atribuídos, excepto daqueles que execute a título de dono dos seus bens patrimoniais.

b) Os que realice o Concello por terlle sido atribuídas ou delegadas as citadas obras ou o establecemento dos servizos por outras entidades públicas e aquelas cujas titularidades teña asumido de acordo coa lei.

c) Os que realicen outras entidades públicas, ou os concesionarios das mesmas, con achegas económicas do Concello.

2. Non perderán a consideración de obras ou servizos do Concello os comprendidos na letra a) do apartado anterior, aínda que sexan realizados por organismos autónomos ou sociedades mercantís cuxo capital social pertenza integralmente a aquel, por concesionarios con achegas do mesmo ou por asociacións de contribuientes.

3. As cantidades recadadas por contribucións especiais só poderán destinarse a sufragar os gastos

da obra ou servizo que lles servise de fundamento e por cuxa razón foran esixidas.

III.—Suxeitos pasivos.

Artigo 4

1. Son suxeitos pasivos das contribucións especiais as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, especialmente beneficiadas pola realización das obras ou polo establecemento ou a ampliación dos servizos municipais que orixinen a obriga de contribuír.

2. Consideraranse persoas especialmente beneficiadas:

- a) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos que afecten a bens inmobles, os seus propietarios.
- b) Nas contribucións especiais por realización de obras ou establecemento ou ampliación de servizos a consecuencia de explotacións empresariais, as persoas ou entidades titulares destas.

3. Nos casos de réxime de propiedade horizontal, a representación da comunidade de propietarios facilitará ao Concello o nome, apelidos, NIF e endereço de todos os copropietarios, coa finalidade de proceder ao xiro das cuotas individuais. De non facelo así, entenderase aceptado que se realice unha única cuota, de cuxa distribución ocuparase a comunidade.

Artigo 5

Ademais das disposicións anteriores, teranse en conta que as fincas ou terreos, transmitidas ou non, calquera que sexa o seu posuidor, estarán afectadas durante cinco anos, contados desde o nacemento da obriga de contribuír, á responsabilidade subsidiaria do pago das cuotas correspondentes, constituíndo as asignadas e non satisfeitas unha carga de naturaleza real para os inmobles, con hipoteca legal a favor do Concello, na forma establecida no artigo 194 da Lei hipotecaria e disposicións que a complementan.

IV. Base imponible.

Artigo 6

1. A base imponible das contribucións especiais estará constituída, como máximo, polo 90 por 100 do custo que o Concello soporte pola realización das obras ou polo establecemento ou ampliación dos servizos.

2. O referido custo estará integrado polos seguintes conceptos:

- a) O custo real dos traballos periciais, de redacción de proxectos e de dirección de obras, plans e programas técnicos.

- b) O importe das obras a realizar ou dos traballos de establecemento ou ampliación dos servizos.
- c) O valor dos terreos que houbesen de ocupar permanentemente as obras ou servizos, agás que se trate de bens de uso público, de terreos cedidos gratuita e obligatoriamente ao Concello, ou de inmobles cedidos nos termos establecidos no artigo 145 da Lei de patrimonio das administracións públicas.
- d) As indemnizacións procedentes por derriba de construcións, destrucción de plantacións, obras ou instalacións, así como as que procedan aos arrendatarios dos bens que teñan que ser derruídos ou ocupados.
- e) Os xuros do capital investido nas obras ou servizos cando o Concello apele ao crédito para financiar a porción non cuberta por contribucións especiais ou a cuberta por estas en caso de fraccionamento xeral das mesmas.

3. O custo total presupostado das obras ou servizos terá carácter de mera previsión. Se o custo real fose maior ou menor do previsto, tomarase aquel a efectos do cálculo das cuotas correspondentes.

4. Cando se trate de obras ou servizos a que se refire o artigo 3º.1.c), e 3º.2. desta ordenanza, a base imponible das contribucións especiais determinase en función do importe das achegas municipais, sen prexuízo das que poidan impoñer outras administracións públicas por razón da mesma obra ou servizo.

En todo caso, respectarase o límite do 90 por 100 indicado no apartado primeiro deste artigo.

5. Aos efectos de determinar a base imponible, entenderase por custo soportado polo Concello a contía resultante de restar á cifra de custo total o importe das subvencións ou auxilios que o mesmo obteña do Estado ou de calquera outra persoa ou entidade pública ou privada.

6. Se as subvencións ou os auxilios citados foran realizadas por un suxeito pasivo das contribucións especiais, o seu importe destinarase, primeiramente, a compensar a cuota da respectiva persoa ou entidade. Se o importe da subvención ou auxilio excedera da citada cuota o exceso reducirá, a prorrata, as cuotas dos demais suxeitos pasivos.

V. Cuota e devengo.

Artigo 7

1. A base imponible das contribucións especiais repartirase entre os suxeitos pasivos beneficiados polas obras, instalacións ou servizos, tendo en conta a clase das mesmas, con suxección á seguintes regras:

- a) Con carácter xeral aplicaranse conxunta ou separadamente, como módulos de reparto, os

metros lineais de fachada dos inmobilés, a súa superficie, o volume edificable dos mesmos e o valor catastral a efectos do Imposto sobre Bens Inmobilés.

- b) Se é aplicado como módulo de reparto as lonxitudes de fachada das fincas beneficiadas, estas mediranse pola lonxitude de fachada do solar das citadas fincas, con independencia das circunstancias da edificación, retranqueos, patios abertos, zonas de xardín ou espazos libres e, cando o encontro de dúas fachadas estea formado por un chafrán ou a unión sexa en curva, tomaranse en conta, aos efectos da medición, a metade da lonxitude do chafrán ou a metade do desenrollo da curva, que será sumado ás lonxitudes das fachadas inmediatas.
- c) Para a determinación das cuotas individuais non se atenderá so ao custo do tramo ou seción da obra, instalación ou servizo que imediatamente afecta a cada contribuínte (ou á utilidade ou beneficio), senón que todas as partes do plan serán consideradas no seu concxunto a efectos do reparto.

2. No suposto de que as leis ou os tratados internacionais concedan beneficios fiscais, as cuotas que poidan corresponder aos beneficiarios non serán distribuídas entre os demais contribuíntes.

Artigo 8.—

1. As contribucións especiais devénganse no momento no que as obras estean executadas ou o servizo comezase a prestarse. Se as obras fosen fraccionables, o devengo producirase para cada un dos suxeitos pasivos desde que estivesen executadas as correspondentes a cada tramo, fase ou fracción da obra.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, unha vez aprobado o acordo de imposición e ordenación, o Concello poderá esixir por anticipado o pago das contribucións especiais, en función do importe do custo previsto para o ano seguinte.

Non poderá esixirse o anticipo dunha nova anualidade sen que estivesen executadas as obras correspondentes ao anticipo esixido.

3. O momento do devengo das contribucións especiais terase en conta aos efectos de determinar a persoa obrigada ao pago, de conformidade co disposto no artigo 4º desta Ordenanza e áinda que no acordo concreto de ordenación figure como suxeito pasivo o que o fose na data do acordo de aprobación e áinda que tivese anticipado o pago de cuotas, de conformidade co disposto no apartado 2 deste artigo.

Cando a persoa que figura como suxeito pasivo no acordo concreto de imposición e ordenación tivera sido notificada deste, transmita os dereitos

sobre os bens ou explotacións que motivan a imposición, no período comprendido entre a aprobación de dito acordo e o do nacemento do devengo, estará obrigada a dar conta á Administración municipal da transmisión efectuada, dentro do prazo de un mes desde a data desta e, se non o fixese, a dita Administración poderá dirixir a acción para o cobro contra quen figuraba como suxeito pasivo no expediente.

Unha vez finalizada a realización total ou parcial das obras, ou iniciada a prestación do servizo, procederase a sinalar os suxeitos pasivos, a base e as cuotas individualizadas definitivas, xirando as liquidacións que procedan e compensando como entrega a conta os pagos anticipados que se tivesen efectuado.

Se os pagos anticipados fosen efectuados por persoas que non teñen a condición de suxeitos pasivos na data do devengo do tributo, ou ben exceden da cuota individual definitiva que lles corresponda, o Concello practicará de oficio a pertinente devolución.

VI. Imposición e ordenación.

Artigo 9

1. A exacción das contribucións especiais precisará da previa adopción do acordo de imposición polo Concello Pleno en cada caso concreto.

2. O acordo relativo á realización dunha obra, ou ao establecemento ou ampliación dun servizo que deba costearse con contribucións especiais, non poderá executarse até que se tivese aprobado tamén polo Concello Pleno a ordenación concreta destas.

3. O acordo de ordenación será de inescusable adopción, e conterá a determinación do custo previsto das obras e servizos, a cantidade a repartir entre os beneficiarios e os criterios de reparto.

4. O servizo de urbanismo ou o de servizos urbanos, segundo corresponda, elaborará o proxecto completo de obra, incluido o presupuesto, e un estudio económico de imposición no que consten: as características das vías nas que se fagan as obras, a ponderación da repercusión do beneficio que reportan aos inmobilés lindantes fronte ao interese xeral, o módulo de reparto que se propón así como os demás datos relativos ao custo da obra ou servizo, os planos dos viarios afectados nos que figurarán situados os inmobilés suxeitos ás contribucións especiais, e os datos completos de cada afectado polas citadas contribucións.

Así mesmo os servizos antes citados confeccionarán o reparto das contribucións especiais, no que constará: referencia catastral, número de finca, nome da vía, nome apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo, contía afectada do módulo que se adopte e cuota individual de cada suxeito pasivo.

Artigo 10

1. Unha vez adoptado o acordo concreto de ordenación de contribucións especiais, e determinadas as cuotas a satisfacer os suxeitos pasivos do tributo, en aplicación do acordo anterior, exporase ao público o expediente instruído, durante 30 días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e no taboleiro de anuncios do Concello de Nigrán. As cuotas serán notificadas individualmente a cada suxeito pasivo se este e o seu domicilio fosen coñecidos e, no seu defecto, por edictos.

2. Os interesados poderán formular recurso de reposición perante o Concello que poderá versar sobre a procedencia das contribucións especiales, a porcentaxe do custo que deban satisfacer as persoas especialmente beneficiadas ou as cuotas asignadas.

VII. Formas de pago.

Artigo 11

As persoas obrigadas ao pago farán efectivas as cuotas asignadas nos prazos establecidos no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 12

Dentro do período voluntario de cobranza o contribuínte poderá solicitar, mediante escrito dirixido á Alcaldía, o aprazamento e fraccionamento do pago das cuotas de contribucións especiales notificadas, de conformidade co establecido ao respecto nas bases de execución do orzamento do Concello (ou, no seu caso no Regulamento orzamentario do Concello), na Lei Xeral Tributaria, e no Regulamento Xeral de Recadación.

VIII. Asociacións administrativas de contribuíntes.

Artigo 13

1. Os propietarios ou titulares afectados pola realización das obras ou o establecemento ou ampliación de servizos promovidos polo Concello, poderán constituírse en Asociación administrativa de contribuíntes no período de exposición ao público do acordo de ordenación das contribucións especiales.

2. Para a constitución das Asociacións administrativas de contribuíntes indicadas no apartado anterior, o acordo deberá ser tomado pola maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, ao menos, os dous terzos das cuotas que deban satisfacerse.

Artigo 14

1. Unha vez acordada a constitución da Asociación administrativa de contribuíntes, deberá presentarse ao Concello, dentro do citado prazo de exposición ao público, a solicitude de constitución coa documentación fechacente do acordo adoptado e os Estatutos que rexerán o seu funcionamento.

2. Unha vez constituída a Asociación administrativa de contribuíntes, ningún suxeito pasivo po-

derá escusarse de pertencer a aquela, e os acordos que se adopten pola mesma, coa maioría do artigo 13.2 desta ordenanza, obrigarán a todos os afectados.

IX. Obras de iniciativa particular.

Artigo 15

1. Os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán promover por iniciativa propia a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos polo Concello de Nigrán, comprometéndose a sufragar a parte que corresponda a este cando a súa situación financeira non o permita, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo.

2. Para a finalidade indicada no apartado anterior, deberase constituír a oportuna asociación administrativa de contribuíntes coa maioría, organización e efectos indicados nos artigos 13 e 14, presentando a correspondente solicitude.

3. Correspondrá á asociación administrativa citada a obligación de ingresar no Concello o importe íntegro do presupuesto das obras ou do servizo antes de comezar as mesmas; así como a aboar, no seu día, as diferenzas que puidesen resultar entre o custo previsto e o efectivo.

X. Exencións e bonificacións.

Artigo 16

1. Nas contribucións especiales non se recoñecerán mais beneficios fiscais que os indicados en disposicións con rango de lei ou de tratado internacional.

2. Quen, nos casos indicados no apartado anterior, se consideraran con dereito a un beneficio fiscal solicitarán do Concello a súa aplicación indicando expresamente o precepto en que consideren amparado o seu dereito.

XI. Infraccións e sancións.

Artigo 17

1. En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias aplicarase o establecido na Lei Xeral Tributaria e nas normas de desenrollo.

2. A imposición de sancións non suspenderá, en ningún caso, a liquidación e cobro das cuotas devengadas non prescritas.

Disposición derogatoria.

Queda derogada calquera anterior ordenanza fiscal xeral reguladora de contribucións especiales no Concello de Nigrán.

Disposicións finais.

1. Para todo o non previsto nesta ordenanza, estarase ao establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na Lei Xeral Tri-

butaria, no Regulamento Xeral de Recadación e na restante normativa de aplicación.

2. Esta Ordenanza fiscal entrará en vigor e aplicarase a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Nigrán, 9 de xullo de 2008.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. **2008007531**

* * *

AS NEVES

E D I C T O

Aprobados pola Xunta de Goberno Local deste Concello das Neves, en sesión celebrada o día 28 de maio de 2008, o proxecto técnico da obra denominada “Humanización da Praza Maior”, redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Alberto Moreno García, exponse ó público, por prazo de vinte días hábiles, na Secretaría deste Concello, contados a partires do seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da provincia para que poida ser examinado e presentalas reclamacións que consideren oportunas.

As Neves, a 15 de setembro de 2008.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

2008009479

A N U N C I O

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 10 de setembro de 2008, adxudicouse definitivamente o contrato de obras da denominada “Humanización da praça Maior, nas Neves”, o que se publica aos efectos do artigo 138 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello das Neves.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: De obra.
- b) Descripción do obxecto: “Humanización da Praza Maior de As Neves”, conforme ao proxecto técnico do mesmo nome, redactado polo enxeñeiro de camiños Alberto Moreno García e aprobado pola Xunta de Goberno Local o 28 de maio de 2008.
- c) Lote: Non hai lotes.
- d) Publicidade: Realizáronse invitacións. Anuncio no Perfil do Contratante o 1 de agosto de 2008.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

- a) Tramitación: Ordinaria.
- b) Procedemento: Negociado sen publicidade.

4. Prezo do Contrato.

Prezo: 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE.

5. Adxudicación Provisional.

- a) Data: 22 de agosto de 2008.
- b) Contratista: Belypa Construcciones, S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe e características da adxudicación: Prezo de 166.373,99 euros e 26.619,84 euros de IVE, debendo executar obras cun orzamento total de execución de 51.876,69 euros (dos que 4.819,27 euros corresponden a unha mellora na calidade de materiais e 32.761,64 euros a melloras na cantidade de unidades de obra), así como executa-las no prazo de 4 meses —que significa unha redución de 60 días naturais sobre o tempo marcado no proxecto—, e debendo responder das mesmas nun prazo de 18 meses máis sobre o estipulado, elevándose a un total de 30 meses de garantía.

6. Adxudicación definitiva.

- a) Data: 10 de setembro de 2008.
- b) Órgano: Xunta de Goberno Local.
- b) Contratista: Belypa Construcciones S.L.
- c) Nacionalidade: Española.
- d) Importe de adxudicación: O mesmo que a provisional.

As Neves, 15 de setembro de 2008.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

2008009480

* * *

PONTECESURES

E D I C T O

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 19 de setembro de 2008, o orzamento xeral e a relación de postos de traballo para o exercicio económico 2008, exponse ó público na Secretaría deste Concello durante quince días hábiles, contados dende o día seguinte da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia, a efectos de reclamacións, de conformidade co disposto no art. 169.1 do RDL 2/2004, de 5 marzo, e disposicións concordantes.

Pontecesures a 19 de setembro de 2008.—A Alcaldesa, M^a Isabel Castro Barreiro. **2008009643**